

# MOCIÓN



PSG<sup>DE</sup>  
PSOE

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente e particularmente nos artigos 67 letra c); 117 letra a) e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, presenta para o seu debate e votación no Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte moción, en relación ás **DEFICIENCIAS E DIVERSAS NECESIDADES NAS RÚAS LUÍS OTERO, XOÁN MANUEL PINTOS, FERNÁNDEZ COCHÓN, AVENIDA DE COMPOSTELA E PRAZA DE PASARÓN.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos tense producido unha mellora urbanística obxectiva no entorno do Estadio de Pasarón e, en xeral, no Barrio do Burgo, coa apertura e urbanización de novas rúas, a construción de numerosos edificios e de algúns espazos públicos de nova creación. Todo elo propiciou o asentamento de novas familias, o que trouxo tamén consigo novas necesidades.

En relación co estado no que se atopan eses espazos públicos son reiteradas diversas queixas dos veciños e veciñas con respecto a algúns deles, como, por exemplo, o parque infantil situado na parte alta da Praza de Pasarón, que se ten quedado claramente insuficiente para o volume de nenos e nenas que acoden cada tarde a xogar nel.

Ademais das súas reducidas dimensións, a instalación presenta actualmente importantes deficiencias: valado perimetral roto, chan en mal estado no único punto de acceso ao parque ou xogos deteriorados e mesmo esnaquizados que fan imposible o seu uso.

Unha vez que se decidiu destinar a aparcamento os terreos anexos á tribuna do Estadio, en lugar de construír o parque inicialmente previsto neles, a Praza de Pasarón tense convertido no espazo de centralidade do barrio, no único lugar de lecer do mesmo, por iso resulta aínda máis incompreensible o abandono e escaso investimento dos últimos tempos.

Ademais, resultaría tamén axeitado sinalizar nese entorno, entre o fondo Norte do Estadio de Pasarón e a mesma praza un ou dous pasos de peóns, que permitisen cruzar en condicións de seguridade a rúa Luís Otero, pois actualmente só existe un paso ao final, no cruce coa avenida da Coruña, e o habitual é cruzar a rúa por calquera punto.

Por outra banda, sen esquecer a vella reclamación de que o Ministerio de Fomento ceda ao Concello de Pontevedra a totalidade da Avenida de Compostela e poder así mellorar a humanización e integración do Burgo e do entorno de Pasarón co Campus Universitario e co resto da cidade, cómpre acometer algunhas actuacións urxentes, fundamentalmente na marxe esquerda (dirección Santiago) desa avenida. No entorno do Pabillón dos Deportes son múltiples as deficiencias das beirarrúas, tanto na rúa Xoán Manuel Pintos como na Avenida de Compostela: baldosas rotas, fochancas, múltiples charcos os días de chuvia, especialmente na esquina entre ambas rúas, beirarrúas excesivamente estreitas entre o Pabillón e o acceso a Pasarón, semáforos para peóns colocados en sentido contrario desde hai anos, etc.

Mención aparte merece a rúa Fernández Cochón, fundamentalmente no treito que discorre entre a parte de atrás do Pabillón e a Igrexa de Santiago do Burgo, unha rúa invadida pola maleza e o lixo, pola que resulta nauseabundo pasar, esquecida totalmente por parte do Concello de Pontevedra.

Finalmente, cómpre chamar a atención sobre o estado no que se atopa a pasarela peonil que conecta as rúas Leonardo Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, salvando a Avenida de Compostela, tamén deteriorada e habitualmente con demasiado lixo e maleza.



# MOCIÓN



Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE no Concello de Pontevedra presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Pontevedra acorda:

Instar ao Goberno Municipal a:

- 1.1. Incrementar o espazo destinado a parque infantil na Praza de Pasarón, ampliando a súa superficie e o número de xogos cos que conta na actualidade, ademais de reparar ou substituír aqueles que están rotos.
- 1.2. Sinalizar na rúa Luís Otero pasos de peóns que permitan cruzar con seguridade entre o Estadio e a Praza de Pasarón.
- 1.3. Planificar e executar unha acción integral de mellora e humanización das beirarrúas das dúas marxes da rúa Xoán Manuel Pintos e das da marxe esquerda (dirección Santiago) da Avenida de Compostela, entre a ponte sobre o Lérez e a rotonda de Pasarón.
- 1.4. Conservar e limpar regularmente a rúa Fernández Cochón e a pasarela peonil que conecta as rúas Leonardo Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.

Reclamar do Ministerio de Fomento, unha vez máis, a cesión integral ao Concello de Pontevedra da totalidade da Avenida de Compostela, entre a rotonda de Pasarón e a de Médico Ballina, a fin de poder calmar o tráfico na zona, humanizar e integrar o entorno de Pasarón e o barrio do Burgo co Campus Universitario e o resto da cidade.

Pontevedra, 14 de febreiro de 2017

**IVÁN PUENTES RIVERA**  
Concelleiro do G. M. do PSdeG PSOE

**ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**